



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 18)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **vinte de maio de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporaci3n

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez e o Sr. Deputado don Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de maio de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CARRO MESTURADOR AUTOPROPULSADO PARA ELABORACIÓN DE MESTURA *UNIFEED* PARA A ALIMENTACIÓN DO GANDO DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 11 de maio de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa, con CSV: IV7CYPASYDVTVKNKXRHHC3TUGI¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CYPHKDZZCTSE7U4NNKZTG6Q.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CYYKSGE7KTGNLSDQBE3SUAU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CZS27D5HNRZPNAMGD4MB6BY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CZWDJPBNDT6ZMS54HGV7D6Q.

Informe de Intervención de fiscalización previa, con CSV: IV7CZWJYCBEZZVFM2Z5NCVZA6Q.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CZUACFYZJ5XNPWIXFAMDVC4.

Acordo da Xunta de Goberno do 11 de marzo do 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C23IKZYB7X3EI2AVBB53A74.

Acta da Mesa de Contratación do 06 de abril do 2022, co CSV IV7CG6Z4B7W56XR4AZEGOQPO54, que recolle o seguinte:

(...) “Primeiro.- Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2022/CON_02/0000014 para adxudicar o contrato de subministración dun carro mesturador autopropulsado para elaboración de mestura *unifeed* para a alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2022/CON_02/0000014 para adxudicar o contrato de subministración dun carro mesturador autopropulsado para elaboración de mestura *unifeed* para a alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo.

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2022/CON_02/0000014 para adxudicar o contrato de subministración dun carro mesturador autopropulsado para elaboración de mestura *unifeed* para a alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo.

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
FARMING AGRÍCOLA, S.A.U.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que a única empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos a súa proposta, a mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada polo único licitador, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico A, co seguinte resultado:

O Anexo I presentado pola empresa Farming Agrícola, S.A.U. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre B, relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADOR ÚNICO	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	SERVIZO MANTENIMENTO PERIÓDICO	PRAZO DE ENTREGA
Farming Agrícola, S.A.U	188.600,00	24 meses	89 días naturais

A mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADOR ÚNICO	OFERTA ECONÓMICA	SERVIZO MANTENIMENTO PERIÓDICO	PRAZO DE ENTREGA	TOTAL
Farming Agrícola, S.A.U	80 puntos	10 puntos	5 puntos	95 puntos

Unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación



co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a mesa de contratación, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	Farming Agrícola, S.A.U	95

2º.- Requirir á empresa Farming Agrícola, S.A.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
188.600,00 €	9.430,00 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”.

Resolución de Presidencia do 20 de abril do 2022, con CSV: IV7DUDHJJZVKVFJTWBHN75IH4Y.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 11 de maio do 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que o licitador presentou, en prazo, a

través da plataforma de contratación do sector público a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorporárase ao expediente os certificados de estar ao corrente coa AEAT, Seguridade Social e Deputación Provincial de Lugo, certificado de alta no IAE e carta de pago da garantía depositada.

Dado que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; o membro da Mesa D. Manuel Roel Hernández-Serrano fai as seguintes observacións:

Respecto da acreditación documental do rexistro das contas anuais presentadas polo licitador no Rexistro Mercantil.

Respecto do poder do administrador único da empresa licitadora, posto que a escritura pola cal se lle outorga tal cargo establece un límite de cinco (5) anos.

Aclárase, respecto a primeira observación, que estaba comprobado o depósito das contas anuais da empresa licitadora no rexistro correspondente procedendo a incorporar no expediente captura do depósito de contas.

Respecto a segunda observación, compróbase que a persoa que consta como administrador único na escritura presentada atopábase apoderado dentro do prazo de presentación de ofertas, sen prexuízo de posterior comprobación para a fase de formalización do contrato.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada e aclaradas as observacións efectuadas polo membro da mesa, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Farming Agrícola, SAU con CIF A34010272, a contratación da subministración dun carro mesturador autopropulsado para elaboración de mestura unifeed para a alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2022/CON_02/000014, polo importe de 188.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 39.606,00 €, o que fai un total de 228.206,00 € segundo a oferta económica presentada polo



licitador, comprometéndose a realizar a entrega no prazo de 89 días naturais e a prestar un servizo de mantemento periódico de actuacións que non comprende a garantía, que inclúe pezas e man de obra do subministro obxecto do contrato e que incluírá as revisións periódicas necesarias e as subministracións que requira durante 24 meses, tendo en conta as características técnicas e as recomendacións do fabricante.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Farming Agrícola, SAU con CIF A34010272, a contratación da subministración dun carro mesturador autopropulsado para elaboración de mestura *unifeed* para a alimentación do gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, expediente 2022/CON_02/000014, polo importe de 188.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 39.606,00 €, o que fai un total de 228.206,00 € segundo a oferta económica presentada polo licitador, comprometéndose a realizar a entrega no prazo de 89 días naturais e a prestar un servizo de mantemento periódico de actuacións que non comprende a garantía, que inclúe pezas e man de obra do subministro obxecto do contrato e que incluírá as revisións periódicas necesarias e as subministracións que requira durante 24 meses, tendo en conta as características técnicas e as recomendacións do fabricante.

2º.- O importe do contrato financiase de acordo o seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE	IVE 21%	TOTAL	RC
4120.623	188.600,00 €	39.606,00 €	228.206,00 €	22022002437

Existe consignación nas aplicacións orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2022.

3º.- Respecto do prazo de duración, sen prexuízo do prazo máximo de entrega de 89 días naturais, estarase ó disposto no parágrafo primeiro, dando comezo coa formalización da recepción da subministración obxecto do contrato.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DENTRO DE PROGRAMA DE DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación ao asunto de referencia, (EXP.2021/XEN_01/002718) emítese a seguinte proposta en base aos antecedentes de feito e as consideracións xurídico- administrativas que lle son de aplicación.

Antecedentes de feito.



Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º. Aprobado as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, recollido na Liña 8.1 do vixente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022).

2º. Aprobado o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000 euros) con cargo a aplicación orzamentaria 4590.789.

3º. Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial de Provincial así como na Sede Electrónica”.

Bases publicadas no BOP de Lugo (BOP. Nº 170 do 27 de xullo de 2021).

Segundo: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Modificar a base 7. Gastos subvencionables no apartado 2 do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, cuxas Bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 23 de xullo de 2021, de forma que:

Onde di:

“Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2021 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021). Poderá concederse unha prórroga do prazo de execución, por razóns debidamente xustificadas, de como máximo ata o 28 de febreiro de 2022 (...)”

Debe dicir:

“Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2021 (do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2022).”

Modificación das bases publicada no BOP de Lugo (BOP. Nº 288 do 17 de decembro de 2021).

Terceiro: Por resolución presidencial, de data 1 de decembro de 2021, adxudicouse a execución relativa á “Realización de informe para a valoración das solicitudes presentadas no marco do “Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios” á empresa Abante Arquitectura, SLP.

Cuarto: Por resolución presidencial de data 21 de abril de 2022 aprobouse a composición da Comisión de Avaliación.

Quinto: A comisión de Avaliación reuniuse o 5 de maio de 2022. O orde do día era o seguinte:

“1. Constitución da Comisión.

2. Estudo e análises do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P sobre as solicitudes presentada.

3. Adopción de acordos de concesión de subvencións presentadas ao amparo do procedemento para o desenvolvemento do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.”

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

“Tralo estudo e análise do informe emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P de avaliación das solicitudes presentadas polas entidades interesadas para optar a Concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, acórdase por unanimidade dos integrantes da Comisión requirir a empresa Abante Arquitectura S.L.P para que emita un informe complementario onde se recolla o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).

Acórdase que os integrantes da Comisión de Avaliación actúan no campo da xestión e instrución e en aras de colaborar no ámbito do asesoramento técnico, polo que a participación do integrante que asiste en representación de Intervención é independente do resultado da función interventora e do control financeiro posterior.”



Sexto: O representante de Abante Arquitectura S.L.P, para dar cumprimento ao acordado na Comisión de Avaliación celebrada o día 5 de maio de 2022, remitiu o 12 maio de 2022 o informe complementario onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).

Sétimo: A comisión de Avaliación, reuniuse o 13 de maio de 2022.

O orde do día era o seguinte:

- “1. Aprobación, se procece da acta da sesión celebrada o día 5 de maio de 2022
2. Estudo e análise do informe complementario emitido pola empresa Abante Arquitectura S.L.P”.

Na devandita sesión se adoptaron os seguintes acordos:

- “1º. Aprobar a acta da sesión celebrada o día 5 de maio de 2022
- 2º. Tomar conta do informe da Xefa do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de data 21 de abril de 2022, relativo á revisión das solicitudes presentadas e a verificación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para obter a condición de beneficiarios.
- 3º. Facer como propios os informes, de data 21 de abril de 2022 e de 12 de maio de 2022, da empresa Abante Arquitectura S.L.P sobre a avaliación das solicitudes presentadas dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, onde se recolle o desglose e a correspondente motivación das puntuacións totais das entidades solicitantes (en base aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria).
- 4º. Efectuar a proposta de concesión e de desestimación de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021, no senso da listaxe que se adxunta á presente acta, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes (tomando como base o informe da Xefa do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, de data 21 de abril de 2022, e os informes da empresa Abante Arquitectura S.L.P de data 21 de abril de 2022 e 12 de maio de 2022).

5º. Condicionar a concesión da subvención ao Monte Veciñal en Man Común de Vilaxuste ata a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención concedida no ano 2015 para a adquisición dunha báscula.”

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: Na base 9 -avaliación das solicitudes- da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021 establece que:

“A área de Cooperación e Asistencia aos Concellos será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes.

Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada. Esta xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación da utilización dos recursos públicos.”

Segunda: Os criterios de valoración e puntuación das solicitudes veñen expresamente recollidos na Base 10 das bases da convocatoria.

Terceira: Así mesmo, na Base 12 Acordos de Resolución e Notificacións - Acordo de resolución provisional: da convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de



concorrenza competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021 dispónse que:

“O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións. Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Cuarta: No artigo 5 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións (de carácter básico) recollese expresamente que:

“1. As subvencións se rexerán, nos termos establecidos no artigo 3, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se aplicarán as normas de dereito privado. (...)”.

Quinta: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que:

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, si as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido (...).”

Neste suposto non se incumpre o establecido no citado precepto legal xa que se entende que os prazos establecidos nas bases da convocatoria non poden computarse xa que non se concederon as subvencións (con independencia de que se consideren gastos subvencionables os executados dende o 1 de xaneiro de 2021).

Por todo o exposto, e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopten o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a proposta de resolución provisional motivada á Xunta de Goberno segundo as especificacións que constan na listaxe anexa á acta da Comisión de avaliación de data 13 de maio de 2022, onde se expresan os solicitantes para os que se propoñen a concesión de subvencións e a súa contía así como a desestimación do resto de solicitudes, en base aos criterios de valoración e puntuación das solicitudes que veñen expresamente recollidos na Base 10 das bases da convocatoria. O importe total das subvencións concedidas ascende a 298.528,84 €.

2º.- Publicar o acordo de resolución provisional no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org outorgándose un trámite de audiencia para que se presenten alegacións, coa indicación que de non presentarse alegacións o acordo de resolución pasará a ter carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Condicionar a concesión da subvención ao Monte Veciñal en Man Común de Vilaxuste ata a resolución do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención concedida no ano 2015 para a adquisición dunha báscula”

4º.- Modificar, debido á demora no procedemento de concesión das subvencións por causas alleas aos solicitantes, a base 7 e a base 13 da convocatoria, as cales quedarían redactadas no seguinte senso:



1. Onde consta:

Base 7. Gastos subvencionables.

“Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

(...)

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen do 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de xuño de 2022).

As actividades subvencionadas son:

(...)”.

Base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.

“O beneficiario deberá achegar, no prazo máximo, de dous meses a contar dende a data de finalización do prazo de execución, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

(...)”

Debe constar.

Base 7. Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables os que se relacionan a continuación:

(...)

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen do 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de setembro de 2022.

As actividades subvencionadas son:

(...)”

Base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.

“O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de outubro de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

(...)”

5º.- Publicar á modificación das bases no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo a C.D. CAMOVI co obxecto de colaborar na actividade: “Campeonato de España en línea individual y selecciones autonómicas 22-Carreras por montaña”, ano 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao C.D. CAMOVI para sufragar os gastos derivados da actividade: “Campeonato de España en línea individual y selecciones autonómicas 22-Carreras por montaña”, durante a anualidade 2022, polo importe de 20.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.



Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deportes” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022 de data 2 de abril de 2020, e a súa actualización aprobada por acordo da Xunta de Goberno Provincial de venres 4 de febreiro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se probe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade C.D. CAMOVI para sufragar gastos derivados da actuación “Campeonato de España en línea individual y selecciones autonómicas 22- Carreras por montaña”, anualidade 2022, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se probe o gasto de 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade C.D. CAMOVI, para sufragar gastos derivados da actuación “Campeonato de España en línea individual y selecciones autonómicas 22- Carreras por montaña”, anualidade 2022.

3º.- Que se aprobo o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Primeira.- Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 3.269,23 €.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
Rect-22 00000948	PRELO SL.	2022-03-28	112,23 €	2022/FAC_01/001190 ADQUISICION MATERIAL DE OFICINA VARIO PARA A GRANXA PROVINCIAL-AUTORIZ.Nº8	Subministros	2022-03-28
4	JESUS MUINELO GONZALEZ	2022-04-26	3.157,00 €	2022/FAC_01/001276 SERVIZOS VETERINARIOS VARIOS ANIMAIS GRANXA PROVINCIAL	Servizos	Dende 02.01.2022 ata o 25.03.2022
TOTAL			3.269,23€			

Total 3.269,23 €



Vistas memorias xustificativas emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estrictamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.

Vistos informes do Servizo de Contratación e Fomento.

Vistos informes de Intervención.

Vista Resolucións da Presidencia de data 12-05-2022 nas que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 3.269,23 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e propondo o pagamento das seguintes facturas, por un importe total de 3.269,23 €:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
Rect-22 00000948	PRELO SL.	2022-03-28	112,23 €	2022/FAC_01/001190 ADQUISICION MATERIAL DE OFICINA VARIO PARA A GRANXA PROVINCIAL-AUTORIZ.Nº8	Subministros	2022-03-28
4	JESUS MUINELO GONZALEZ	2022-04-26	3.157,00 €	2022/FAC_01/001276)SERVIZOS VETERINARIOS VARIOS ANIMAI S GRANXA PROVINCIAL	Servizos	Dende 02.01.2022 ata o 25.03.2022
TOTAL				3.269,23€		

Total 3.269,23 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- Informe– proposta de validación do gasto do Servizo de Protocolo e Relacións Institucionais, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato, polo importe de 43,71 euros.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, que foi conformada pola responsable do Servizo de Protocolo e Relacións Institucionais, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Empresa: Prelo S.L., NIF: B27021237

Factura Nº: Rect-22-00000444

Data factura: 31/01/2022

Importe: Base imponible: 36,13 €, IVE 7,58 €, Total 43,71 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Protocolo e Relacións Institucionais, manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a Resolución de Presidencia de data 10/05/2022 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 43,71 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.



Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propondo o pagamento da seguinte factura por un importe total de 43,71 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 1 de outubro de 2021 e segundo o anuncio da referida resolución (publicada no BOP de Lugo nº 231 do 7 de outubro de 2021).

Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente do día 16 de maio de 2022.

Por todo o exposto, propono que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2021/PES_03/014487	ASOCIACIÓN GALEGA CUSTODIA DO TERRITORIO	G27392703	DIFUSIÓN DIVERSIDADE LIBÉLULAS NA RB	4.213,81 €
2021/CCP_01/000034	CERCUD BAAMONDE	G27123611	ACTUACIÓNS NA RB TERRAS DO MIÑO EN BAAMONDE	4.013,15 €
2021/PES_03/013961	ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER LUGO (AFALU)	G27285980	ESCOLA DA MEMORIA	3.411,19 €
2021/CCP_01/000026	ANPA CEIP VIRXE DO CORPIÑO	G27349448	CAMPAÑA DIFUSIÓN VALORES RB TERRAS DO MIÑO	3.411,19 €
2021/CCP_01/000029	APROCAM (AGRUPACIÓN PRODUTORES CARNE ALTA MONTAÑA)	G27256494	OS SABERES E SABORES DA RB TERRAS DO MIÑO: A ALIMENTACIÓN TAMÉN É PATRIMONIO	3.009,86 €

Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2021/PES_03/014485	ASOCIACIÓN CULTURAL O TEIXEIRO	G27038207	ARRANXO MANUAL CAMIÑO PIORNEDO – CAMPO REDONDO	3.936,05 €
2021/PES_03/014486	ASOCIACIÓN GALEGA CUSTODIA DO TERRITORIO	G27392703	CONVERSAS NO TERRITORIO	3.936,05 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE ENXEÑEIRA TOPÓGRAFA CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO DE 2017.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Topógrafo/a da Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, Grupo A, Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 101, de 6 de maio de 2021 (DOG 104, de 04.06.2021 e BOE 126, de 27.05.2021); Vista a proposta do Tribunal Cualificador; Visto que a aspirante presentou, dentro do prazo, a documentación a que se refire o punto 10.1 das Bases



Xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e base específica 5.1, esta Presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e para cumprimento do punto 11.1 das Bases Xerais, propón a Xunta de Goberno que resolva definitivamente o procedemento selectivo acordando:

1º.- Nomear a Dona Concepción Fernández Rodríguez, para ocupar a praza 776, denominada Enxeñeiro/a Técnico/a Topógrafo/a, da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos medios, Grupo A, Subgrupo A2 do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego 2017 e o posto de traballo homónimo número 1141 (Nivel Entrada) ao obter a maior cualificación final.

2º.- Aprobar a seguinte relación complementaria da persoa aspirante que sigue á proposta por orde de puntuación cos seguintes fins:

Asegurar a cobertura da vacantes (artigo 61.8 do TREBEP) para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas na convocatoria.

Incorporar, unha vez estea formalizada a toma de posesión da persoa candidata proposta polo Tribunal, nas listaxes de emprego temporal que corresponda (para prestar servizos na Deputación de Lugo, reguladas polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.